

## 1. A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO:

### 1.1. Publicación no BOE ou DOG

## 2. CONVOCATORIA E BASES DA CONVOCATORIA

### 2.1. Publicación íntegra da convocatoria e das bases da convocatoria no DOG e no BOP.

## 3. ANUNCIO DA CONVOCATORIA

### 3.1. Publicación do anuncio de convocatoria no BOE. Contido:

- 3.1.1. Denominación escala, subescala e clase
- 3.1.2. Corporación que as convoca.
- 3.1.3. Clase e número de prazas. Con indicación das que se reservan para promoción interna e minusvalía.
- 3.1.4. Data e número de Boletíns e diarios oficiais nos que se publican as bases e a convocatoria.

## 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- 4.1. Ter **nacionalidade** española sen perxuízo do establecido no artigo 57 EBEP: poderán acceder (como persoal funcionario ou laboral) os nacionais dos Estados membros da U.E con excepción daqueles postos que directa o indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público o nas funcións de salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións públicas; cónxuxe, descendentes; descendentes do cónxuxe -21 ou maiores dependentes, persoas incluídas no ámbito de aplicación de Tratados Internacionais celebrados pola UE e ratificados por España. Só por lei poderá eximirse do requisito da nacionalidade.  
Laboral: Os extranxeiros aos que se refíere o apartado anterior, así como os extanxeiros con residencia legal en España poderán acceder as Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- 4.2. Posuír **capacidade funcional**.
- 4.3. Ter cumpridos **dezaséis** anos e non exceder, no seu caso, da idade **máxima de xubilación forzosa**. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima.
- 4.4. **Non** haber sido **separado** mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en **inhabilitación** absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- 4.5. Posuír a **titulación** esixida.
- 4.6. Persoas con **discapacidade**

☛ Nas convocatorias indícarase a adopción de medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables en tempo e medios no proceso selectivo.

☛ Nas ofertas de emprego público reservarase un cupo non inferior ao 7% (Segundo o EBEP será dun 5%). Grao de minusvalía igual ou superior ao 33%.

NOTA: Os requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata a toma de posesión como funcionario.

## 5. SOLICITUDES

- 5.1. **Solicitud** axustada a un modelo oficial. Lugar ou forma de acceso ás solicitudes (dependencias do concello, páxina web, BOP).
- 5.2. Prazo de **20 días naturais** dende a publicación do anuncio da convocatoria no BOE.
- 5.3. **Presentación** no rexistro do Concello ou de acordo co disposto no art. 38.4 da lei 30/1992, sen perxuízo da presentación por vía telemática.
- 5.4. Os aspirantes con **minusvalía** igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude (*Art 2.1 do RD 2271/2004, de 3 de decembro*).
- 5.5. **Taxas**
- 5.6. **Concurso**: Acreditación de méritos (deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes).
- 5.7. **Manifestar** que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas referidas sempre a data de expiración do prazo para a presentación de instancias. (*Art. 11.2 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo*). A documentación acreditativa das condicións esixidas se presentará despois de realizadas as probas e no momento establecido nas bases das convocatorias.

## 6. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

- 6.1. Publicación das **listas admitidos/excluídos** no prazo máx. de 1 mes. Motivo de exclusión. A resolución publicarase no BOP e nos taboleiros dos órganos convocantes.
- 6.2. Prazo **subsanción** 10 días *art. 71 lei 30/1992*. O prazo de enmenda non é de aplicación con respecto dos méritos alegados pero non aportados para o caso dos concursos ou fase de concurso. A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte de acordo con art. 105.2 da lei 30/1992, de 26 de novembro.
- 6.3. Resolución pola que se aproba a **Listaxe definitiva** (resoltas as reclamacións). Indícarase o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes (mediante un sorteo público e o resultado deberá recollerse na convocatoria) publicándose no BOP. Igualmente constará a citación ao Tribunal para que se constituía e proceda á valoración dos méritos da fase de concurso.
- 6.4. Unha vez comezadas as probas non será obligatoria a **publicación da celebración** das sucesivas probas no BOP, sendo suficiente a súa exposición nos taboleiros, con 12 horas se é o mesmo exercicio ou 24 horas se é diferente exercicio.
- 6.5. Dende a terminación dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días

## 7. TRIBUNALS (Art. 60 da lei 7/2007, de 12 de abril do EBEP)

- 7.1. **Composición**: Presidente + Secretario + Vogais que determine convocatoria. Composición técnica. Os vogais deberán puir titulación igual ou superior as esixidas para o acceso as prazas convocadas. (Art. 4 e) do RD 896/1991, de 7 de xuño).
- 7.2. **Colexiados** e axustados aos principios de **imparcialidade** e **profesionalidade**, o número de membros non deberán ser inferior a cinco e en todo caso deberá ser impar.
- 7.3. **Paridade** entre a muller e o home.
- 7.4. O persoal de elección ou **designación política**, os funcionarios **interinos** e o persoal **eventual non** poderán **formar parte dos órganos de selección**.
- 7.5. A pertenza aos órganos de selección será sempre a **título individual**, non podendo ostentarse ésta en representación ou por conta de ningún. Non caben representantes sindicais, da CCAA, nin doutro tipo.
- 7.6. **Abstención**: Según o disposto no art. 28 da lei 30/1992 e o caso de preparación de aspirantes nos 5 anos anteriores a publicación da convocatoria.
- 7.7. Para actuar validamente requirirán a presenza da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso do/a presidente/a e do/a secretario/a.
- 7.8. Os tribunais poderán incorporar **asesores especialistas**, os mesmos terán voz pero non voto e a súa intervención limitarase ao exercicio da súa especialidade técnica, en base á cal colaborarán co órgano de selección. (art. 7 do Decreto 95/1991).

## 8. LISTA DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS

**8.1. Relación de aprobados.** De acordo co art. 41 Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo e 7 do R.D 896/1991, de 7 de xuño “ Os tribunais non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. A contravención deste principio xera nulidade de pleno dereito na proposta do tribunal”. sen perxuízo do disposto no EBEP art.61.8 da lei 7/2007, de 12 de abril.

**8.2.** Os aspirantes propostos aportarán perante a Administración convocante, dentro do prazo de **20 días naturais**, a partir da publicación da lista de aprobados, os documentos acreditativos exixidos na convocatoria, *segundo o que se establece no art. 15 do decreto 95/1991, de 20 de marzo.*

- Quen no prazo indicado non presente documentación (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado.
- Os que xan teñan condición de funcionarios estarán exentos de presentar a documentación, deberán presentar certificado do organismo onde presten servizos.
- Os aspirantes cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que superen a oposición deberán, ademais, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes.

**8.3. P.Prácticas/ Curso selectivo** *segundo o que se establece no art. 16 do decreto 95/1991, de 20 de marzo.*

- Os aspirantes que non superen o período de prácticas, de acordo co procedemento de calificación, perderán todos os dereitos a ser nomeados como funcionario de carreira.
- Os aspirantes que non superen o curso selectivo poderán incorporarse ao inmediatamente posterior coa puntuación asignada ao último dos participantes en éste. De non superalo perderán os seus dereitos a ser nomeados funcionarios de carreira.

**8.4. Resolución nomeamento**, *segundo o artigo 47.4 Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo e 7 do R.D 896/1991, de 7 de xuño*, polo Presidente da Corporación (de acordo coa proposta do tribunal que tera carácter vinculante), debéndose tomar posesión no prazo 1mes a partir da publicación do nomeamento.

## 9. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

**9.1. Sistemas Selectivos.** **Funcionarios de carreira:** oposición, concurso-oposición e só en virtude de lei e con carácter excepcional poderá aplicarse, o sistema de **concurso.** **Persoal laboral fixo:** oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos.

**9.2. Promoción interna.**

**9.2.1. PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL:** Antigüidade de 2 anos de servizo activo en inferior Subgrupo ou grupo de clasificación.

Ademais deberán posuír a titulación e o resto dos requisitos establecidos con carácter xeral para o ingreso. Nas convocatorias poderá establecerse a exención das probas sobre aquelas materias cuxo coñecemento se teña acreditado suficientemente nas de ingreso ao corpo ou escala de orixe. (Art. 18 do EBEP, 63 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo e 23 do Decreto 93/1994)

Para o **acceso ao subgrupo C1 desde o subgrupo C2:** aínda que se careza da titulación exixida, poden presentarse por este sistema os que acrediten unha antigüidade mínima de 10 anos no subgrupo C2 ou ben teñan unha antigüidade mínima de 5 anos e superen os cursos de formación. Art. 63.2 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

**9.2.2. PROMOCIÓN INTERNA HORIZONTAL:** O art 64 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo dispón que, as persoas funcionarias poderían acceder a outros corpos ou escalas encadradas no mesmo grupo que teñan asignadas funcións sustancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico, sempre que estean en posesión da titulación exixida en cada caso e superen as probas selectivas. Poderán ser eximidas dalgunha das probas, aquelas persoas funcionarias que procedan da mesma área de especialización profesional cá correspondente ao corpo ou escala a que se pretende ascender.

Grupos de Clasificación	Titulacións	Titulacións novas
<b>Grupo A:</b> Subgrupo A1 (antigo A)	Título de doutoramento, licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente	<i>Grao</i>
<b>Grupo A:</b> Subgrupo A2 (antigo B)	Título de enxeñaría técnica, diplomatura universitaria, arquitectura técnica, formación profesional 3º grao ou equivalente	<i>Grao</i>
<b>Grupo B</b>	Título de Técnico Superior	
<b>Grupo C:</b> Subgrupo C1	Título de bacharelato, formación profesional de 2º grao ou equivalente	<i>Bachiller ou Técnico</i>
<b>Grupo D:</b> Subgrupo C2	Título de graduado escolar, formación profesional 1º grao ou equivalente <i>obligatoria</i>	<i>graduado en educación secundaria</i>
<b>Grupo E:</b> Agrupaciones Profesionales	Certificado de escolaridade	<i>Non é necesaria</i>

**9.3. Escala/Subescala** *Segundo o art. 167.2 e 167.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril.*

Escala da administración xeral divídese nas subescalas: Técnica, de xestión, administrativa, auxiliar, subalterna.

Escala da administración especial divídese nas subescalas: Técnica e de Servizos Especiais.

**9.4. Programación**

O número mínimo de temas, segundo grupo de clasificación (antigos): A-90 temas; B-60 temas; C-40 temas; D-20 temas; E-10 temas.

**9.5. Materias** *Segundo o disposto nos artigos 8.2 e 8.3 do R.D 896/1991, de 7 de xuño*

Materias comunes (Constitución Española, Organización do Estado; Estatuto de Autonomía; Réxime Local; Dereito Administrativo Xeral; Hacienda Pública e Administración Tributaria)

- Escala da Administración Xeral: **2/5 partes.**
- Escala da Administración Especial: **1/5 partes.**

Materias específicas:

- Escala da Administración Xeral: **2/5 partes.**
- Escala da Administración Especial: **4/5 partes.**

9.6. Características das probas selectivas: Sistema de OPOSICIÓN e CONCURSO-OPOSICIÓN.

<p style="text-align: center;">FASE DE OPOSICIÓN</p> <p style="text-align: center;">9.6.2</p>	<p>a) Alomenos 1 exercizo de carácter práctico (Art. 61.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril do EBEP e 34.1 e 37.1 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo).</p> <p>b) Descrición detallada das probas.</p> <p>c) <b>COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA.</b> “PARA LLE DAR CUMPRIMENTO Á NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE GALICIA E PARA GARANTIR O DEREITO DAS ADMINISTRADAS E DOS ADMINISTRADOS AO USO DO GALEGO NAS RELACIÓNS COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA, E A PROMOCIÓN DO USO NORMAL DO GALEGO POR PARTE DOS PODERES PÚBLICOS DE GALICIA, QUE DETERMINA O ARTIGO 6.3º DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, NAS PROBAS SELECTIVAS QUE SE REALICEN PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA INCLUIRASE UN EXAME DE GALEGO, AGÁS PARA AQUELES QUE ACREDITEN O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA CONFORME A NORMATIVA VIXENTE. AS BASES DAS CONVOCATORIAS DOS PROCESOS SELECTIVOS ESTABLECERÁN O CARÁCTER E A VALORACIÓN DESTE EXAME.          TODO ISTO SEN PREXUIZO DAQUELAS PROBAS QUE TEÑAN QUE REALIZARSE EN GALEGO PARA AQUELAS PRAZAS QUE REQUIRAN UN ESPECIAL COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA».</p> <p>DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.-A LIBERDADE DE ELECCIÓN DE LINGUA GALEGA E DE LINGUA CASTELÁ NAS PROBAS SELECTIVAS SERALLES APLICABLE A TODOS OS PROCESOS SELECTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN CURSO, E QUE AÍNDA NON ESTEAN FINALIZADOS, RESPECTO DAQUELES EXERCICIOS NON REALIZADOS.”. art.35 da lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da lei de función pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.</p> <p>Deberán estar exentos da realización dunha proba específica de galego, os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de instancias o <b>CELGA2</b> (agrupacións profesionais, antigo grupo E); <b>CELGA3</b> (C2, antigo grupo D); <b>CELGA4</b> (C1,A2,A1, antigo grupo respectivamente C,B,A) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo). Segundo A Disp. Adicional 2ª da citada Orde, o CELGA3 é equivalente ao antigo curso de Iniciación de Galego eo CELGA4 é equivalente ao antigo curso de perfeccionamento de Galego.</p> <p>Sen prexuízo do anterior, na convocatoria deberá constar que unha ou máis probas do proceso selectivo se realicen exclusivamente en lingua galega para a totalidade dos aspirantes (teñan ou non o Celga correspondente).</p> <p>d) As probas da fase de oposición terán carácter eliminatorio e na realización dos exercicios escritos deberá garantirse o anonimato dos aspirantes. Segundo o art. 4c) do RD 896/1991, do 7 de xuño.</p> <p>e) Valoración máxima de cada exercicio e a puntuación mínima que hai que acadar en cada exercicio para considerarse superado.</p> <p>f) Tempo de realización de cada proba</p> <p>g) Outras probas voluntarias non eliminatorias.</p>
<p style="text-align: center;">FASE DE CONCURSO</p> <p style="text-align: center;">9.6.3</p>	<p>a) Especificación de méritos</p> <p>b) Non establecer mínimos.</p> <p>c) Forma de acreditación de méritos.</p> <p>d) Entrevistas curriculares de ser o caso.</p> <p>e) Nos servizos prestados é aconsellable valorar unicamente os prestados como persoal funcionario (de carreira ou interino) no memo subgrupo ao que se opta en calquera Administración Local ou Pública.</p> <p>f) O cursos de formación que se valoren deberán ter relación co posto de traballo a desempeñar e realizaranse por</p> <p>g) Administracións Públicas ou homologados por estas.</p> <p>NOTA: Véñse observando que nas bases das convocatorias, as veces valoranse unicamente os servizos prestados no mesmo posto ao que se opta nun único Concello ou na Administración Local. Esta valoración é contraria aos criterios xurisprudenciais así como o disposto no artigo 245.5 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, que establecen a necesidade de valoración da experiencia profesional nun mesmo posto en todas as Administracións Públicas, independentemente de que se leven a cabo probas selectivas polo sistema de acceso libre, promoción interna ou polos procesos de consolidación de emprego temporal ou funcionalización.</p> <p>“A prestación de servizos noutras Administracións Públicas valorarse en méritos, de acordo có principio de reciprocidade”</p>
<p style="text-align: center;">CONCURSO-OPOSICIÓN</p> <p style="text-align: center;">9.6.3</p>	<p>a) Concurso previo e non eliminatorio, nin ter en conta para superar probas de oposición. Segundo o art. 4c) do RD 896/1991, do 7 de xuño.</p> <p>b) Entrevistas curriculares e probas voluntarias non eliminatorias.</p> <p>c) A fase de concurso non suporá unha puntuación superior ao 40% nin menos dun 10% ao total da prevista para a fase de oposición, de acordo co art. 38.2 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo. Así mesmo no art. 61.3 do EBEP establécese que á valoración de méritos na fase de concurso outorgaráselle unha puntuación proporcionada que non determinará, en ningún caso, por sí mesma o resultado do proceso selectivo.</p>
<p style="text-align: center;">CONSOLIDACIÓN DISPOSICIÓN TRANSITORIA 4ª DO EBEP</p> <p style="text-align: center;">9.6.4</p>	<p>a) postos de carácter estrutural</p> <p>b) dotados orzamentariamente</p> <p>c) desempeñados interinamente ou temporalmente antes do 01/01/2005</p> <p>d) sempre probas libres e sen carácter restrinxido</p> <p>e) Concurso: valorarase o tempo de servizos prestados nas Admones. Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria.</p>
<p style="text-align: center;">FUNCIONARIZACIÓN</p> <p style="text-align: center;">9.6.5</p>	<p>D.T. 1º DO D.L. 1/2008, 13 DE MARZO</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* No prazo máximo de 12 meses da entrada en vigor desta lei, a Xunta convocará probas selectivas para a funcionalización do persoal laboral fixo, logo da valoración, a clasificación e a determinación dos postos de traballo.</li> <li>* As probas repeterán o principios de igualdade, mérito e capacidade e valorarán entre outros méritos, o tempo de servizos prestados como persoal laboral nos postos obxecto de funcionalización.</li> </ul> <p>D.T. 2º LEI 7/2007, 12 DE ABRIL DO EBEP</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>* Persoal laboral fixo que a entrada en vigor do presente Estatuto esté desempeñando funcións de persoal funcionario, ou pase a desempeñalos en virtude de probas de selección ou promoción convocadas antes de dita data, poderán seguir desempeñandoas.</li> <li>* Poderán participar nos procesos selectivos de promoción interna convocados polo sistema de concurso-oposición, de forma independente ou conxunta cos procesos selectivos de libre concurrencia, en aqueles Corpos e Escalas nos que figuren adscritos as funcións ou postos que desempeñe</li> <li>* Posea a titulación necesaria</li> <li>* Reúna os restantes requisitos esixidos</li> <li>* Valoraránse a estes efectos como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e as probas selectivas superadas para acceder a esta condición.</li> </ul> <p>NOTA: Nos últimos procesos de Promoción Interna vertical da Administración do Estado e da CCAA permítese a concurrencia deste persoal laboral fixo que en realidade accede por promoción interna horizontal.</p>

LEI 30/1984, 2 DE  
AGOSTO  
ART.22.3 (SIN  
DEBACER)

- \* Grupos e categorías profesionais equivalentes ao grupo de titulación correspondente ao corpo ou escla ao que se pretende acceder, sempre que desempeñan funcións sustancialmente coindientes ou análogas ao seu contido profesional e nivel técnico.
- \* En posesión da titulación requerida
- \* Prestaran servizos efectivos durante a lo menos dous anos como persoal laboral fixo en categorías do grupo profesional a que pertezcan ou en categorías doutro grupo profesional para cuio acceso se esixa o mesmo nivel de titulación e superen as correspondentes probas.

## LEYES APLICABLES AL PROCESO SELECTIVO

<p><b>PUBLICACIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Art.70, lei 7/2007, de 12 de abril (EBEP).</li> <li>* Art.91, lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local.</li> <li>* Art 128, Rdleg 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido en materia de réxime local.</li> <li>* Art. 5, RD 896/1991, de 7 de xuño</li> <li>* Art.7 RD 364/1995, de 10 de marzo.</li> </ul>
<p><b>A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Lei 7/2007, de 12 de abril (EBEP) art.70.2 “A oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario oficial correspondente”.</li> <li>* R.D 896/91, de 7 de xuño art.5 “O presidente da Corporación, unha vez publicada a Oferta de emprego público no &lt;&lt;Boletín Oficial do Estado&gt;&gt; o no da Comunidade Autónoma e, no seu caso, en outros diarios oficiais...”</li> </ul>
<p><b>ANUNCIO DE CONVOCATORIA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local art 97 “Os anuncios de convocatorias de probas de acceso á función pública local e de concurso para a provisión de postos de traballo deberán publicarse no Boletín Oficial do Estado”.</li> <li>* R.D 896/91, de 7 de xuño art. 6.2 “O anuncio das convocatorias publicarase no Boletín Oficial do Estado e deberá conter: Denominación de Escala, subescala e clase para cuxo ingreso convócanse as probas selectivas, Corporación que as convoca, clase e número de prazas, con indicación das que se reserven no seu caso, promoción interna, así como as que se reserven para persoas con minusvalías, data e número do Boletín ou diarios oficiais nos que se publicaron as bases e a convocatoria”.</li> </ul>
<p><b>BASES DAS CONVOCATORIAS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local art 97 “As bases publicaránse no Boletín Oficial da Provincia, salvo as relativas ás convocatorias de probas selectivas para a obtención da habilitación de carácter nacional, que publicaránse no Boletín Oficial do Estado”.</li> <li>* R.D 896/91, de 7 de xuño art. 6.1 “As bases das probas selectivas, así como as correspondentes convocatorias publicaránse no Boletín Oficial de Provincia, no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma e , no seu caso noutros diarios oficiais e no periódico oficial da Corporación interesada”.</li> <li>* O contido mínimo das Bases ven recollido no art. 4, pero segundo se establece na disposición final 1ª, constitúe norma básica só o disposto no apartado e) sendo de aplicación supletoria a lexislación específica das Comunidades Autónomas.(Art. 33 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo e artigo 6.3Decreto 95/91, de 20 de marzo).</li> </ul>
<p><b>REQUISITOS DOS ASPIRANTES</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Os requisitos estableceránse segundo o previsto no art.56, 57 e 59 da lei 7/2007, de 12 de abril (EBEP).Así mesmo deberá terse en conta o disposto no art. 33.2 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo. A discapacidade rexirase tamén polo RD 2271/2004, de 3 de decembro, segundo o disposto no art. 2 e o capítulo II.</li> </ul>
<p><b>ADMISIÓN DOS ASPIRANTES</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Art. 3.g), 9, 11, 12 e 13 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo</li> </ul>
<p><b>TRIBUNAIS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Art. 60 da lei 7/2007, de 12 de abril (EBEP)</li> </ul>
<p><b>LISTA DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Art. 7 do R.D 896/1991, de 7 de xuño e 41 Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo “ Os tribunais non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. A contravención deste principio xera nulidade de pleno dereito na proposta do tribunal”. Mirar art.61.8 da lei 7/2007, de 12 de abril do EBEP.</li> <li>* Art. 15 do decreto 95/1991, de 20 de marzo</li> <li>* Art. 16 do decreto 95/1991, de 20 de marzo</li> <li>* Artigo7 do R.D 896/1991, de 7 de xuño e 47.4 Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo</li> </ul>
<p><b>DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Art. 63.2 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo</li> <li>* Art.64 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo</li> <li>* Art 21 do. Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo; 76 e disposición transitoria 3ª.2 da lei 7/2007, de 12 de abril (EBEP)”En tanto non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios a que se refire o artigo 76, para o acceso á función pública seguirán sendo válidos os títulos universitarios oficiais vixentes á entrada en vigor deste Estatuto”</li> <li>* Art. 167.2 e 167.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril.</li> <li>* Artigos 8.2 e 8.3 do R.D 896/1991, de 7 de xuño</li> <li>* Art. 61.2 da Lei 7/2007, de 12 de abril do EBEP e 34.1 e 37.1 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.</li> <li>* Art.35 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.<b>Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG nº 146, do 30 de xullo)</b></li> <li>* Art. 4c) do RD 896/1991, do 7 de xuño.</li> <li>* Art. 38.2 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo</li> </ul>
<p><b>FUNCIONARIO INTERINO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>* Art.8.2 b) e 10 da lei 7/2007, de 12 de abril (EBEP).</li> <li>* Disposición Adicional 1ª do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.</li> <li>* Art. 91.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local.</li> <li>* Art. 128.2 Rdleg 781/1986, de 18 de abril,Texto Refundido en materia de réxime local.</li> <li>* Art. 27, Decreto 364/1995 de 10 de marzo.</li> <li>* Decreto 37/2006, persoal interino da Xunta de Galicia.</li> </ul>

## ASPECTOS ESENCIAS DAS BASES DA CONVOCATORIA

<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">ARTIGO 33 DO DECRETO LEGISLATIVO 1/2008, DO 13 DE MARZO</p>	<p>a) Número e características das prazas convocadas.</p> <p>b) Condicións e requisitos que deben concorrer nas persoas aspirantes.</p> <p>c) Probas e programas do procedemento selectivo, así como sistemas e formas de cualificación dos exercicios ou bareos de puntuación.</p> <p>d) Composición do tribunal cualificador ou, se é o caso, da comisión de selección.</p> <p>e) Modelo de solicitude e importe dos dereitos de exame.</p> <p>f) Características, efectos e duración dos cursos ou período de prácticas, ou ambos, que deban realizar, se é o caso, as persoas seleccionadas.</p> <p>NOTA: Teranse en conta as condicións especiais de ingreso das persoas con discapacidade na función pública.</p>
<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">ARTIGO 6 DO DECRETO 95/1991, DO 20 DE MARZO</p>	<p>a) A declaración expresa de que os tribunais ou órganos de selección non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas, coa advertencia, en caso contrario, da nulidade de pleno dereito (sen prexuízo do disposto no artigo 61.8 do EBEP).</p> <p>b) Centro ou dependencia ao que deben dirixirse as instancias.</p> <p>c) Probas selectivas que teñan que celebrarse e, se é o caso, relación de méritos que han de ser tidos en conta na selección.</p> <p>d) Sistema de cualificación e puntuación mínima de cada proba, así como o grao mínimo de coñecemento da lingua galega axeitado á natureza e funcións dos postos correspondentes a prazas convocadas.</p> <p>e) Calendario concreto de realización das probas.</p> <p>f) Orde de actuación dos aspirantes segundo o resultado do sorteo previamente celebrado.</p>
<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">ARTIGO 4 DO REAL DECRETO 896/1991, DO 7 DE XUÑO</p>	<p>a) A natureza e características das prazas convocadas, con determinación expresa da escala, subescala e clase a que pertencen, con indicación do grupo de titulación que correspondan a cada unha delas, así como, se é o caso, as que correspondan a promoción interna.</p> <p>b) O sistema selectivo elixido: Oposición, concurso-oposición ou concurso.</p> <p>c) As probas de aptitude ou de coñecementos a superar, con determinación do seu número e natureza. En todo caso, un dos exercicios obrigatorios deberá ter carácter práctico.</p> <p>As da fase de oposición terán carácter eliminatorio e na realización dos exercicios escritos deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes.</p> <p>Nas probas selectivas que realicen polo sistema de concurso-oposición, a fase de concurso, que será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta pra superar as probas da fase de oposición.</p> <p>Nos procesos selectivos poderán establecerse a superación dun período de prácticas ou dun curso de formación. Nos sistemas de concurso ou concurso-oposición poderán establecerse entrevistas curriculares. Nos de oposición e de concurso-oposición poderán establecerse probas de carácter voluntario non eliminatorio.</p> <p>Nos supostos de concurso-oposición ou concurso especificaranse os méritos e a súa correspondente valoración, así como os sistemas de acreditación dos mesmos.</p> <p>d) Os programas que han de rexir as probas e, se é o caso, a determinación das características xerais do período de prácticas ou curso de formación.</p> <p>e) Os Tribunais, que contarán cun presidente, un secretario e os vogais que determine a convocatoria. A súa composición será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás exixidas para o acceso ás prazas convocadas.</p> <p>f) O número de membros dos ditos Tribunais que ne ningún caso será inferior a cinco.</p> <p>g) Os sistemas de cualificación dos exercicios.</p> <p>h) As condicións e requisitos que deben reunir ou cumprir os aspirantes.</p> <p>i) Os requisitos que deben reunir ou cumprir os aspirantes a prazas reservadas para persoas con minusvalías así como a garantía de que as probas se realicen en igualdade de condicións cos demais aspirantes.</p>